



*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación, convocado pola Orde do 26 de novembro de 2018*

En aplicación do disposto na base décimo sexta da Orde do 26 de novembro de 2018 (DOG do 13 de decembro), pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**RESOLVE:**

Primeiro.- Facer pública, como anexo I a esta resolución a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados específico convocado pola citada orde.

Segundo.- Publicar a relación definitiva de excluídos no anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro.- O persoal que resulte adxudicatario, ademais de prestar servizos no centro base indicado no anexo I desta resolución, está obrigado a desprazarse aos centros compartidos e aos centros adscritos que, se é o caso, consten incluídos nos anexos II e III da antedita orde de convocatoria.

Ademais, de conformidade coa base décimo oitava da Orde do 26 de novembro de 2018, deberá desprazarse aos centros que se poidan adscribir, segundo o establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril.

Cuarto.- A toma de posesión dos destinos acadados neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2019 e o cesamento no seu destino de procedencia o 31 de agosto deste ano.

Quinto.- Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa o persoal interesado poderá formular, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben, directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
José Manuel Pinal Rodríguez

**INSÍRASE NO DOG**

